

FEBREIRO 2023



(ollo: estas son as de Os Cotos,
as da parroquia irán no arquivo propio de cada parroquia)

ESTAS SON AS CONTAS DO FONDO COMÚN DE OS COTOS NO ANO 2022

CONTAS FONDO COMÚN DE OS COTOS NO ANO 2022

Ano 2022			
Mes	Ingresos	Gastos	
Xaneiro	950,00	-563,69	Saldo a 31-12-2021 2.751,84
Febreiro	800,00	-520,04	
Marzo	815,00	-519,36	Ingresos 2022 15.043,40
Abril	875,00	-1.380,03	
Maio	800,00	-440,29	Gastos 2022 -13.699,88
Xuño	5.838,40	-1.320,89	
Xullo	865,00	-564,67	Total 2022 1.343,52
Agosto	800,00	-5.889,43	
Setembro	800,00	-529,51	
Outubro	850,00	-602,50	
Novembro	800,00	-792,55	
Decembro	850,00	-576,92	

Saldo actual **4.095,36**

ANO 2021	INGRESOS 2022	GASTOS 2022	TOTAL 2022	SALDO ACTUAL 31-12-2022
2.751,84	15.043,40	-13.699,88	1.343,52	4.095,36

Nestas contas do 2022 destacamos os **ingresos** de 9.300 que entre todas as parroquias aportaron coa cuota mensual. Este ano os párrocos aportamos 4.888 euros para pagar as ventanas da primeira planta casa reitoral. Aportamos tamén 300 euros para o teléfono.

Algúns **gastos** importantes: 4.888 ventanas da primeira planta da reitoral, luz 1.371, teléfono 1.281, licenza da páxina web oscotos.eu 203, aportación aos párrocos 1.200 (50 euros mensuais), folla parroquial 966, pan-viño e xel hidrolóxico para as eucaristías 623, seguro da casa 432, Festa da Pascua no pavillón 860, ...

Estas contas son presentadas na Diocese de Tui-Vigo, e poden verse máis a fondo na nosa páxina web de Os Cotos.

**Grazas por unha economía
tan compartida**



"Un contiño para vivir""CAMIÑO NA ESPERANZA"

A tarde era soleada, desas nas que apetece una boa andaina cun bo amigo ou una boa amiga, Marta decidiuse e chamou a Ánxela.

Que che parece se imos polo sendeiro do Barragán a desfrutar da natureza e dunha boa conversa?.

Ánxela non o dubidou e dispúxose a cambiarse e coller o coche cara o encoiro.

O ambiente invitaba a relaxarse, a desfrutar do son da auga, das cores das árbores, e da boa charla, e así falando do divino e do humano xurdiu a pregunta.

- Marta, por que os crentes sodes capaces de levar unha morte dun ser querido así?.

- Así como? , preguntoulle ela.

- Con esa tranquilidade, esa serenidade. Eu dende que perdín a miña nai estou rota por dentro, non durmo ben, non consigo superalo.

- Eu non son distinta, sigo sentindo a perda do meu pai, tamén estou doente pero sei que ao final do noso camiño nesta vida imos ter parte na VIDA nova e plena cos que xa non están aquí, e iso reconfórtame, fai que o que me queda de vida poida seguir valorando o agasallo que é seguir aquí, cos nosos, familia, amigos, que nos necesitan e nós a eles, compartindo momentos bos e malos, pero camiñando da man.

- Marta, como me gustaría poder facer o mesmo;


- Ti podes , só depende de ti.

Desde ese día Ánxela comprendeu cal é o camiño que te enche de esperanza.

Feliz día de San Valentín, atopa as palabras

APERTA- FEBREIRO-AMIZADE-BICO-AMOR-FLORES-DOCES-CORAZON-CHOCOLATE

S	A	P	E	R	T	A	Z	B	I	F	F	A
T	R	F	E	B	R	E	I	P	C	E	U	M
Y	R	W	Z	I	B	N	F	S	O	B	G	I
H	J	K	Ñ	C	O	U	L	I	R	R	F	Z
C	X	A	M	O	R	M	O	P	A	E	O	A
M	N	K	O	I	J	B	R	H	Z	I	S	D
C	D	O	L	O	Y	T	E	D	O	R	R	E
A	S	Q	D	O	C	E	S	I	N	O	V	J
C	H	O	C	O	L	A	T	E	I	B	N	M



SANTO PARA O MES en febreiro, Día 4, XILBERTO

Nome de orixe xermánica, de "Xilberht". O seu significado é "famoso coa frecha, ou arquero famoso".

É un nome moi popular en Francia. San Xilberto, no século XII foi o fundador da orde dos xilbertinos, que logo sería suprimida polo rei Henrique VIII. Fundou un convento para homes baixo a regra de San Bieito, e outro para mulleres baixo a regra de San Agostiño. Faleceu con máis de cen anos, en 1189.

CONSELLO



"A oración é a chave do día e a pechadura da noite"

Thomas Fuller (1619-1661)
Clérigo e escritor



Festa da Candelaria Día 2 de febreiro



O 2 de febreiro é o día da Candelaria, unha festividade en pleno inverno que está relacionada co ciclo navideño, pois trátase dunha festa relixiosa que se fai corenta días despois do Nodal e conmemora a presentación de Xesús no templo de Xerusalén.

Segundo a tradición xudea, as nais tiñan que esperar corenta días despois do parto para purificarse e ata entón, non podían presentar aos bebés ante as autoridades relixiosas.

Este ritual materializábase cunha ofrenda e bendición de velas de cera. É unha das festas máis antigas entre todas as que se teñen adicadas á Virxe durante o ano: incorporouna á vida da igrexa o Papa Gelasio I no 496.

Esta festa ten un trasfondo pagán, pois se di que podería ser herdada de antigas costumes romanas, nas que se facían procesións con velas, pero servían para render unha especie de culto ás almas dos defuntos.

É unha das moitas Festas da Luz, Festa da Candelaria que se celebra levando candeas acendidas.

Na nosa terra temos algúns refráns moi populares con esta festa:

*Cando a Candelaria chora, a mitá do inverno está fora;
se chora ou ri, a mitá do inverno está por vir,
e se chora ou fai vento, aínda o inverno está dentro.
Cando a Candelaria chora, mitá do inverno vai fóra:
cando ela rir, está por vir,
mais cal chorar, cal rir medio inverno está por vir.*

O Papa emérito Benedicto XVI



O Papa Benedicto XVI (Josep Aloisius Ratzinger) foi o Papa número 265, foi Papa dende o 19 de abril de 2005 ata a súa renuncia o 28 de febreiro de 2013, asumindo o título de papa emérito. Foi unha decisión excepcional na historia da igrexa, xa que o máis próximo que renunciou ao papado foi Gregorio XII no 1415.

Faleceu a mañá do 31 de decembro de 2022, aos 95 anos de idade, no mosteiro Mater Ecclesiae, na cidade do Vaticano, e foi enterrado nas grutas vaticanas.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE FEBREIRO

DÍA 5	LECTURA	Is 58, 7-10	Se fas ben, a túa luz brillará na escuridade
	EVANXEO	Mt 5, 13-16	Vós sodes a luz do mundo
DÍA 12	LECTURA	Sir 15, 16-21	Todo está diante de ti, escolle o que prefiras
	EVANXEO	Mt 5, 20-37	Tense dito ... pero eu dígovos
DÍA 19	LECTURA	Lev 19, 1-2. 17-18	Amarás ao teu próximo como a ti mesmo
	EVANXEO	Mt 5, 38-48	Tense dito ... pero eu dígovos
DÍA 26	LECTURA	Rm 5, 12. 17-19	Onde abundou o pecado sobreabundou o ben
	EVANXEO	Mt 4, 1-11	Xesús afronta a tentación